



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA CATRO DE NOVEMBRO DE DOUS MIL VINTE E UN.

Expte: 2021/G007/000041

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas do día catro de novembro de dous mil vinte e un, ten lugar reunión en primeira convocatoria de Xunta de Goberno Local de Valdoviño, para celebrar sesión ordinaria. Preside a sesión o Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, e asisten os concelleiros/as: dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, dona Jessica Sabín Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa.

Asistidos da secretaria municipal, dona Carlota González Navarro; sesión na que se adoptan os acordos seguintes:

Orde do Día

PARTE RESOLUTIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN DO 28.10.21 (Ordinaria).

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade aprobou a acta da sesión citada. Non vota o Sr. Garcia Sousa por non ter asistido á sesión do 28.10.21.

2.- DEVOLUCIÓN DE AVAL A ARECO, S.L EN RELACIÓN Á OBRA: REHABILITACIÓN E MELLORA DE ACCESIBILIDADE EN EDIFICIO DE USOS MÚLTIPLES PARA CENTRO SOCIOCOMUNITARIO.

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA referente a cancelación da garantía definitiva da Obra REHABILITACIÓN E MELLORA DE ACCESIBILIDADE EN EDIFICIO DE USOS MÚLTIPLES PARA CENTRO SOCIOCOMUNITARIO E OUTROS USOS, con código 2017.3110.0509.0 da Convocatoria POS+ACHEGAS/2017 do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos), anualidade 2017.

Visto o Informe favorable emitido pola Tesoureiría municipal referido á devolución do aval bancario depositado polo contratista de ARQUITECTURA, REHABILITACIÓN, MADEIRA E CONSTRUCCIÓN S.L. con C.I.F. núm. B7003326 en garantía da obra REHABILITACIÓN E MELLORA DE ACCESIBILIDADE EN EDIFICIO DE USOS MÚLTIPLES PARA CENTRO SOCIOCOMUNITARIO E OUTROS USOS, con código 2017.3110.0509.0 da Convocatoria POS+ACHEGAS/2017 do Plan provincial

de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos), anualidade 2017.

Conforme o disposto no parágrafo 1º do artigo 243.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.

Tendo en consideración os apartados 37 e 38 do Prego-Tipo de Cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto (con único criterio de adxudicación, factor prezo) das obras comprendidas nos planes provinciais e outras obras provincias, aplicable á obra REHABILITACIÓN E MELLORA DE ACCESIBILIDADE EN EDIFICIO DE USOS MÚLTIPLES PARA CENTRO SOCIOCOMUNITARIO E OUTROS USOS, con código 2017.3110.0509.0 da Convocatoria POS+ACHEGAS/2017 do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos), anualidade 2017

Comprobada que a obriga garantida cumpre a satisfacción do Concello de Valdoviño, de tal maneira que non existe responsabilidades que se poidan esixir contra o contratista de ARQUITECTURA, REHABILITACIÓN, MADEIRA E CONSTRUCCIÓN S.L. con C.I.F. núm. B7003326.

En virtude do enunciado no artigo 21. f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

PROPONSE

Devolver o aval bancario núm. 32019000041 fechado o 29 de marzo do 2019 por importe de NOVE MIL SETE CENTOS SESENTA E CATRO EUROS CON VINTE E SEIS CÉNTIMOS (9.764,26 €) en garantía da obra REHABILITACIÓN E MELLORA DE ACCESIBILIDADE EN EDIFICIO DE USOS MÚLTIPLES PARA CENTRO SOCIOCOMUNITARIO E OUTROS USOS, con código 2017.3110.0509.0 da Convocatoria POS+ACHEGAS/2017 do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos), anualidade 2017.

/Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández/

Despois de ver a proposta de Alcaldía que antecede acordase pola Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros :

1º.- Aprobar a proposta de alcaldía; dése traslado do acordado á tesoureiría municipal para que proceda á devolución do aval.

2º.- Dése traslado do acordo á secretaría municipal (negociado de contratación) como tramitador do expediente para certificacións e incorporación do acordado ao expediente, así como para a práctica da notificación ao adxudicatario.

3º.- SOLICITUDE PRAZO EXECUCIÓN OBRA: PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN MODIFICADO 1. CAMPO DE FÚTBOL DE CÉSPEDE ARTIFICIAL, NO CAMPO DE FUTBOL MUNICIPAL DE MOURENTE.

Expte.: 2018/C003/00001

Dáse conta á Xunta de Goberno Local de que en data 29.10.21 e con núm. de rexistro 202199900001724, don José Ramón Pedrosa Jiménez, actuando en representación da empresa “GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS SL”, NIF B-36495604, presenta escrito de petición de prórroga por prazo de 20 días para a execución da obra “Proxecto básico e de execución modificado 1. Campo de fútbol de céspede artificial no campo de fútbol municipal de Mourente, da que dita empresa é adxudicataria.

Xustifica a súa petición debido a circunstancias climatolóxicas ao longo do mes de outubro (choivas) e baixas temperaturas que dificultou a execución da colocación de céspede e a marcaxe do campo; a carga do céspede artificial con caucho e area de sílice non se pode realizar en condicións climatolóxicas de choiva e xeadas.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros
ACORDOU:

Primeiro.- Acceder á petición da prórroga formulada pola empresa, polo prazo solicitado de 20 días no prazo de execución da mesma, polo retraso motivado polo adxudicatario, sendo a nova data de remate programada para o día 8 de decembro de 2021, como expresa o adxudicatario.

Segundo.- Notificar o acordo á adxudicataria “GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS SL” así como ao Diretor da Obra, para seu coñecemento e efectos.

4º.- SOLICITUDE PRAZO EXECUCIÓN OBRA: PROXECTO COMPLETO DE EDIFICACIÓN DE VESTIARIOS PARA O CAMPO DE FUTBOL MUNICIPAL DE MOURENTE.

Expte.: 2020/C003/000005

Dáse conta á Xunta de Goberno Local de que en data 27.10.21 e con núm. de rexistro 202199900001707, don Eulogio Viñal Iglesias actuando en representación da empresa “EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A”, NIF A15352735, presenta escrito de petición de prórroga por prazo de 6 meses para a execución da obra “Proxecto completo de edificación de vestiarios para campo de fútbol municipal de Mourente concello de Valdoviño”.

Xustifica a súa petición debido a problemas de desabastecemento e subministro que sofre o sector da construción que están xerando retrasos na entrega dos materiais e coa conseguinte demora de execución das obras.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros
ACORDOU:

Primeiro.- Acceder á petición da prórroga polo prazo solicitado de 6 meses do prazo de finalización do contrato.

Segundo.- Notificar o acordo á adxudataria EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A así como á Directora da Obra, para seu coñecemento e efectos.

5.º- APROBACIÓN CERTIFICACIÓN N.º 1 DA OBRA POS +2020: PROXECTO MELLORA NO SANEAMENTO DE LAGO.-

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA:

“Proposta de aprobación da certificación n.º 1 do Proxecto Mellora no saneamento de Lago da Convocatoria POS+OBRASSUM/2020 Plan de Obras e Servizos (Plan único de Concellos) POS+2020 da anualidade 2020 da Excma. Deputación de A Coruña, asinada pola dirección de obra o 7 de xullo do 2021.

A devandita certificación n.º 1 do Proxecto Mellora no saneamento de Lago foi inxerida no Rexistro Xeral do Concello de Valdoviño o 12 de xullo do 2021 (202199900001120) e a correspondente factura foi presentada telemáticamente pola empresa adxudataria Viaqua S.A.U. con C.I.F. núm. A66141185 por importe de 36.141,43 €.

Visto o Informe de Intervención EMP 75/2021 con resultado de fiscalización favorable emitido en data 2 de novembro do 2021.

En virtude do enunciado esta Alcaldía PROPÓN a adopción do seguinte acordo;

Primeiro.- Aprobar a certificación n.º 1 do Proxecto Mellora no saneamento de Lago e a correspondente factura número 2199200275 do 12 de xullo 2021 con número de rexistro contable F/2021/1759, emitida por Viaqua S.A.U. con C.I.F. núm. A66141185 por importe de 36.141,43 €.

Segundo.- Conforme o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local como Alcalde e ordenador de pagos, acordar e ordear o pago dos impostos citados que derivan do recoñecemento da obriga, así como recoñecer o dereito do Concello de Valdoviño ao cobro das taxas enunciadas no artigo 6 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación de servizos, inspección e dirección de obras realizadas polos técnicos competentes. Así, o tipo de gravame a aplicar será o 3% e o 1% do Presuposto de Execución Material pola dirección e inspección de obra e coordinación de seguridade e saúde, respectivamente.

Polo tanto, ao importe total da certificación n.º 1 do Proxecto Mellora no saneamento de Lago da Convocatoria POS+OBRASSUM/2020 Plan de Obras e Servizos (Plan único de Concellos) POS+2020 da anualidade 2020 da Excma. Deputación de A Coruña deberán descontárselle 986,83 € pola dirección e inspección de obra e 328,94 € respecto a coordinación de seguridade e saúde.

Proposta asinada dixitalmente polo Alcalde, Alberto González Fernández na data indicada á marxe”.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, prestou aprobación á anterior proposta de Alcaldía.

6º.- APROBACIÓN CERTIFICACIÓN N° 2 DA OBRA DO POS+2020: PROXECTO MELLORA NO SANEAMENTO DE LAGO.-

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA:

Proposta de aprobación da certificación n.º 2 do Proxecto Mellora no saneamento de Lago da Convocatoria POS+OBRASSUM/2020 Plan de Obras e Servizos (Plan único de Concellos) POS+2020 da anualidade 2020 da Excm. Deputación de A Coruña, asinada pola dirección de obra o 27 de xullo do 2021.

A devandita certificación n.º 2 do Proxecto Mellora no saneamento de Lago foi inxerida no Rexistro Xeral do Concello de Valdoviño o 2 de agosto do 2021 (202199900001207) e a correspondente factura foi presentada telemáticamente o 31 de xullo do 2021 pola empresa adjudicataria Viaqua S.A.U. con C.I.F. núm. A66141185 por importe de 14.558,25 €.

Visto o Informe de Intervención EMP 83/2021 con resultado de fiscalización favorable emitido en data 2 de novembro do 2021.

En virtude do enunciado esta Alcaldía PROPÓN a adopción do seguinte acordo;

Primeiro.- Aprobar a certificación n.º 2 do Proxecto Mellora no saneamento de Lago e a correspondente factura número 2199200309 do 31 de xullo 2021 con número de rexistro contable F/2021/1859, emitida por Viaqua S.A.U. con C.I.F. núm. A66141185 por importe de 14.558,25 €.

Segundo.- Conforme o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local como Alcalde e ordenador de pagos, acordar e ordear o pago dos impostos citados que derivan do recoñecemento da obriga, así como recoñecer o dereito do Concello de Valdoviño ao cobro das taxas enunciadas no artigo 6 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación de servizos, inspección e dirección de obras realizadas polos técnicos competentes. Así, o tipo de gravame a aplicar será o 3% e o 1% do Presuposto de Execución Material pola dirección e inspección de obra e coordinación de seguridade e saúde, respectivamente.

Polo tanto, ao importe total da certificación n.º 2 do Proxecto Mellora no saneamento de Lago da Convocatoria POS+OBRASSUM/2020 Plan de Obras e Servizos (Plan único de Concellos) POS+2020 da anualidade 2020 da Excm. Deputación de A Coruña deberán descontárselle 397,51 € pola dirección e inspección de obra e 132,51 € respecto a coordinación de seguridade e saúde.

Proposta asinada dixitalmente polo Alcalde, Alberto González Fernández, na data indicada á marxe”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, prestou aprobación á anterior proposta de Alcaldía.

7.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE URBANISMO

A.-Licenza 1ª ocupación de vivenda

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

“- **Expte 05/2020.-MIGUEL ÁNGEL BERMEJO DÍAZ.-** Para a licenza de primeira ocupación de vivenda unifamiliar sita en Lugar de As Traves (actualmente Lugar de As Traves nº 12) parroquia de Pantín, Valdoviño e que se corresponde co expediente de obras 171/2008, licenza concedida en X.G.L. de data 17 de marzo de 2009.

Visto o informe do arquitecto municipal de 3 de novembro de 2021 no que conclúe que o edificio executado reúne as condicións establecidas para destinalo ao uso previsto (vivenda) polo que informa **favorable** a licencia de 1ª ocupación,

Esta Alcaldía en uso das competencias atribuídas pola lei 7/1985 de 02 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Conceder ao peticionario Miguel Ángel Bermejo Díaz a licenza de 1ª ocupación de vivenda sita en Lugar de As Traves (actualmente Lugar de As Traves nº 13) parroquia de Pantín, Valdoviño, segundo o disposto no artigo 194 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Vivenda en Galicia, autorizando a posta en uso da vivenda.

Segundo.- Practicaráselle a liquidación (taxa) por expedición de licencia de 1ª ocupación, con importe de 53,72 euros.

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo ao interesado e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite; así coma aos servizos económicos para os debidos efectos.

En Valdoviño, 3 de novembro de 2021.

O alcalde,

Asinado/Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, aprobou a licenza de 1ª ocupación de vivenda co número de expediente 05/2020.

B.-Licenza construción destinada a dous cabalos e un almacén

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

“- **Expte. de obras 133/2020.- MANUEL ANGEL BOUZA LEIRA rep. por TANIA RODRIGUEZ CERDIDO.-** Para as obras de construción destinada a dous cabalos e almacén no lugar de Pantín, nº 33, parroquia de Sapeiro, Valdoviño, en solo clasificado como **SOLO NON URBANIZABLE COMÚN (Solo rústico de protección agropecuaria/protección infraestructuras)**, e de acordo coa documentación técnica achegada e asinada pola arquitecta **Tania María Rodríguez**.

E Visto que a documentación que se aportou ao expediente e que é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal de data 25 de outubro de 2021 e da secretaria municipal de data 3 de novembro de 2021 en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Conceder licenza construción destinada a dous cabalos e almacén no lugar de ~~Valdoiño, nº 23~~, parroquia de ~~Sequeiro~~, Valdoviño, licenza que se otorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Segundo.- As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada pola arquitecta e ás condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 25 de outubro de 2021, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

Terceiro.- APROBAR a liquidación provisional das obras, segundo o seguinte desglose: Taxas 48,08 €. ICIO.- 452,64€.

Cuarto.- Aprobar o prazo de iniciación das obras que, non poderá exceder os seis meses e o de terminación tres anos, dende a data de outorgamento da licenza, en non poderá interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Quinto.- Notifíquese o presente acordo ó interesado e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite; así coma aos servizos económicos para os debidos efectos.

Valdoviño, 03 de novembro de 2021.
O Alcalde,
Asinado/Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou aprobar a proposta de Alcaldía que antecede.

8º.-APROBACIÓN DO PAGAMENTO DAS AXUDAS PARA AS MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS E MENORES PARA ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR E TRANSPORTE DO ANO 2021

“PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño, vista a necesidade de aprobar o pagamento das axudas concedidas e xustificadas en relación ás medidas de apoio ás familias e menores para a adquisición de material escolar e transporte do ano 2021 e visto o informe técnico da educadora social que se transcribe a continuación:

“INFORME- PROPOSTA PARA A APROBACIÓN DO PAGAMENTO DAS AXUDAS PARA AS MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS E MENORES PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR E TRANSPORTE DO ANO 2021

Iria García Martínez, Educadora Social do Concello, en relación á concesión de axudas para as medidas de apoio ás familias e menores para a adquisición de material escolar e transporte (anuncio no BOP Nº 138 de 23 de xullo de 2021) e en relación ás xustificacións presentadas no rexistro do Concello

INFORMO:

1. *Á vista das solicitudes concedidas e aprobadas previamente (por acordo de Xunta de Goberno Local o 09.09.2021), valóranse as xustificacións presentadas en tempo e forma, sen atopar en ningún caso a xustificación*

dun gasto inaxeitado ou non subvencionable.

2. *Que foron presentadas dentro do prazo estipulado un total de **48 xustificacións** (48 para material escolar, das cales 8 tamén inclúen transporte), sendo o total das concedidas.*
3. *Que a documentación aportada e revisada cumpre coa forma establecida nas bases da subvención, aínda que nalgúns casos non xustifican o total do importe concedido.*
4. *Que catro das axudas para transporte aprobadas inicialmente non presentan documentación xustificativa, polo que se procede a descartar ditas axudas, atendendo ao artigo 11 das bases, o que deriva na perda parcial da subvención aprobada inicialmente.*
5. *Que o Departamento de Servizos Sociais confirmou con cada establecemento a concidencia dos vales canxeados por concepto de material escolar coa xustificación presentada polas familias.*
6. *Que revisados os datos económicos, procede a aprobación das xustificacións presentadas e o seu pagamento, coas características que se recollen nos cadros seguintes. No suposto de que a xustificación do gasto realizado fose inferior ao importe da subvención, o importe da axuda será o do gasto xustificado (artigo 12 das bases):*

**Enténdese por gasto xustificado e cumprida a finalidade da subvención o que, na valoración realizada, se considera válido e subvencionable segundo as bases da convocatoria*

1.BOLSAS PARA MATERIAL ESCOLAR/MATRÍCULA PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA

Nº	INICIAIS	DNI/NIE	Nº MENORES	% DE	CANTIDADE	CANTIDADE
	RESPONSABLE	RESPONSABLE		AXUDA	CONCEDIDA	XUSTIFICADA
1	S.C.M.	32701382-M	1	100	390,00 €	390,00 €
2	I.A.L.	32696088-R	1	100	390,00 €	390,00 €
3	L.S.G.	76411318-M	1	100	390,00 €	390,00 €
4	J.P.M	326789805-V	2	100	480,00 €	480,00 €
5	M.A.D.B.	32700603-P	1	100	390,00 €	390,00 €
6	M.C.V.G.	76411357-K	1	100	390,00 €	390,00 €
7	A.M.A.L.	32696087-T	2	100	480,00 €	480,00 €
8	M.A.R.P.	32705855-Q	2	50	240,00 €	240,00 €
9	V.M.D.L.	32665998-H	2	100	480,00 €	480,00 €
10	C.D.M.S	Y3769007B	1	100	390,00 €	360,00 €
11	O.S.O	32717371-D	1	100	390,00 €	390,00 €
12	C.L.G.	32682658-A	1	50	195,00 €	195,00 €
13	A.C.G.	32694651-J	2	100	480,00 €	480,00 €
14	M.C.P.D.	32683025-W	1	100	390,00 €	390,00 €
15	J.L.C.	32699091-Z	2	50	240,00 €	240,00 €
16	V.F.T.	32701708-D	2	100	480,00 €	479,20 €
17	J.P.P.	76417310-V	2	100	480,00 €	480,00 €
18	M.R.F.	32648317-R	3	100	570,00 €	570,00 €
19	E.V.D	32703885-R	2	50	240,00 €	240,00 €
20	M.L.C.P	32691248-Z	1	100	390,00 €	390,00 €

21	M.C.G.	32700317-K	1	100	390,00 €	390,00 €
22	R.F.A.	32693038-X	1	100	390,00 €	390,00 €
23	D.J.R.	32707943-B	4	100	360,00 €	360,00 €
24	I.C.H.	76416708-J	2	100	480,00 €	480,00 €
25	M.E.R.J.	32702175-Q	1	100	390,00 €	390,00 €
26	M.A.G.P	76418374-T	1	100	390,00 €	390,00 €
27	M.D.G.	76414040-J	2	100	480,00 €	90,00 €
28	M.L.F.	32683024-R	1	100	390,00 €	268,59 €
29	J.M.R.	32701746-R	2	100	180,00 €	180,00 €
30	L.C.T.	76416715-C	1	100	390,00 €	390,00 €
31	M.R.O.C.	32682168-L	2	100	480,00 €	480,00 €
32	C.M.N.	32717715-P	3	100	570,00 €	570,00 €
33	L.S.I.	44840408E	2	100	480,00 €	480,00 €
34	J.G.F.	78801649-S	1	100	45,00 €	45,00 €
35	A.V.P.	32707063-M	1	100	390,00 €	390,00 €
36	R.T.P.	32713548-G	2	100	480,00 €	480,00 €
37	M.B.R.P.	32693200-B	1	100	390,00 €	390,00 €
38	M.M.V.A.	32683067-K	3	50	285,00 €	285,00 €
39	L.H.L.	32691716E	2	100	480,00 €	477,90 €
40	A.I.G.I.	32675915-E	2	50	240,00 €	237,34 €
41	P.S.R.	52499308-Z	3	100	570,00 €	567,90 €

42	M.C.G.G.	79337213-R	4	100	660,00 €	660,00 €
43	M.D.P.L.	76414308-M	1	100	390,00 €	390,00 €
44	M.V.S.M.	32641460-K	2	100	480,00 €	480,00 €
45	A.L.P.	76408791-P	2	100	480,00 €	480,00 €
46	B.B.Q	76414308-M	2	100	480,00 €	480,00 €
47	A.N.R.T.	Y8012724K	3	100	570,00 €	570,00 €
48	C.B.F.	32678515T	1	100	390,00 €	390,00 €
TOTAL					19.575,00 €	19.025,93 €

2. BOLSAS DE TRANSPORTE

Nº	NOME	DNI/NIE	Nº MENORES		
	RESPONSABLE	RESPONSABLE		CANTIDADE CONCEDIDA	CANTIDADE XUSTIFICADA
1	A.I.G.I.	32675915-E	1	100,00 €	
2	P.S.R.	52499308-Z	1	100,00 €	
3	M.C.G.G.	79337213-R	1	100,00 €	100,00 €
4	M.D.P.L.	76414308-M	1	100,00 €	
5	M.V.S.M.	32641460-K	1	100,00 €	100,00 €
6	A.L.P.	76408791-P	1	100,00 €	
7	B.B.Q	76414308-M	1	100,00 €	100,00 €
8	A.N.R.T.	Y8012724K	1	100,00 €	100,00 €
TOTAL				800,00 €	400,00 €

8. Que o pagamento das axudas deberá efectuarse coas seguintes especificacións:

- No caso da matrícula do PAI, ao existir un sistema de cobro por domiciliación, xa non se efectuou o cobro correspondente de 45 €, existindo só unha solicitude por este concepto.

- No caso dos importes de material escolar, aboaranse aos establecementos a cantidade correspondente aos vales canxeados en cada un deles e coincidente coas facturas presentadas ao Concello polos mesmos:

- Librería Xeila: 1395 €
- Librería Folder: 420 €
- Sprinter: 4815 €
- Electrodomésticos Nito: 4374,39
- Electrodomésticos VIMA: 7857,34 €
- Cooperativa Meirás: 59,2 €
- Cooperativa Lago: 60 €

- No caso de transporte, o pagamento haberá que facerllo directamente ás familias, xa que o sistema para pagar o autobús só podía facerse a través de caixeiro do banco, tendo que adiantar este importe as familias. Son catro as familias que xustificaron esta axuda, por un valor total de 400 €

- O total das axudas ascende á cantidade de 19425,93 €

Infórmase para que sexa levado a Xunta de Goberno Local para a aprobación do pagamento, atendendo ao formato e cantidades que se recolle no presente informe.

En Valdoviño a 2 de novembro de 2021

Iria García Martínez
Educatora Social (Col. 3545)

PROPOÑO:

á Xunta de Goberno Local a aprobación do pagamento das axudas concedidas e xustificadas en relación á convocatoria de axudas para as medidas de apoio ás familias e menores do ano 2021 e proceder a efectuar o dito pagamento, por un importe total de 19425,93 euros.

En Valdoviño, a 2 de novembro de 2021
Alberto González Fernández
O Alcalde”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, aprobou as axudas para as medidas de apoio ás familias e menores para a adquisición de material escolar e transportes anteriormente transcritas.

9.- APROBACIÓN DE TRANSMISIÓN DE LICENZA MUNICIPAL DE AUTOTAXI Nº 8 E AUTORIZACIÓN VT-N.

“APROBACIÓN DE TRANSMISIÓN DE LICENZA Nº 8 DE AUTOTAXI E AUTORIZACIÓN VT-N.

Iniciado expediente de transmisión de licenza municipal de autotaxi así como de autorización interurbana a solicitude de Lorena Hermida López, transmitente, a favor de Antonio Castro Padín, adquirente, que deu lugar á apertura do expediente 2021/X999/000384.

Vista proposta de resolución de transmisión, aprobada pola xunta de goberno local en sesión ordinaria celebrada o 16 de setembro de 2021 e co seguinte teor literal:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA A AUTORIZACIÓN DE TRANSMISIÓN DE LICENZA Nº 8 DE TAXI.

ANTECEDENTES DE FEITO

Vista solicitude xeral de data 20-07-2021 rexistrada de entrada ao n.º 202199900001156 presentada telemáticamente por dona Lorena Hermida López, DNI núm. 32691716E e enderezo en Lgar. As Covas, 4, 15552, Valdoviño, no que expón ser titular da licenza interurbana de taxi nº 8 do Concello de Valdoviño, e solicita que, previos os trámites oportunos, se autorice a transmisión da mesma a favor de Don Antonio Castro Padín.

Xunto á solicitude, presenta a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI de Lorena Hermida López.
- Certificado de estar ao corrente coa Axencia Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Seguridade Social de Lorena Hermida López.
- Xustificante de pago das taxas á facenda autonómica.
- Fotocopia do DNI e permiso de circulación de Antonio Castro Padín.
- Declaración responsable de non ter licenza de taxi noutro Concello.
- Certificado de estar ao corrente coa Axencia Tributaria de Galicia e coa Seguridade Social.

Examinada a mesma, se solicita subsanación da solicitude, para completala co Certificado de estar ao corrente coa Axencia Tributaria de Antonio López Padín, e o de Lorena Hermida López en vigor, así coma solicitude conxunta asinada polos dous interesados.

Vista a aportación de documentación por parte dos interesados o 9 de setembro de 2021, e comprobado que está todo correcto.

NORMATIVA APLICABLE

- Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia.
- Decreto 103/2018, do 13 de setembro.

Á vista de que quedan acreditados os extremos previstos no artigo 11.3 do Decreto 103/2018:

a) *Que transcorreu un mínimo de dous anos desde a adquisición pola persoa transmitente da condición de titular da licenza. A limitación temporal indicada non será aplicable no caso de xubilación, falecemento ou declaración de incapacidade para prestar o servizo de taxi, e no previsto no artigo 12.4.*

b) *Que as persoas transmitente e adquirente están ao corrente das súas obrigacións tributarias locais e das relacionadas coa actividade propia do servizo de taxi.*

c) Que nin a persoa transmitente nin a adquirente teñen pendentes de cumprimento sancións pecuniarias derivadas do exercicio da actividade como taxista que lles foren impostas polo concello por resolución administrativa firme.

d) Que a persoa adquirente non superaría, como consecuencia da transmisión, o límite máximo de concentración de licenzas de taxi nunha mesma persoa titular, de acordo co disposto no artigo 9 e concordantes da Lei 4/2013, do 30 de maio, así como que dita persoa cumpre os requisitos para ser titular da licenza municipal.

e) Que non se impuxo a prohibición de transmisión como medida provisional durante a tramitación dun procedemento de extinción da licenza, nin obsta ningún outro impedimento para a transmisión.

Esta Alcaldía en uso das súas competencias, PROPÓN:

1. Iniciar as actuacións para levar a cabo a tramitación para a autorización da transmisión inter vivos da Licenza n.º 8 do Concello de Valdoviño que actualmente ten outorgada Dona Lorena Hermida López e que pretende transmitir a Don Antonio López Padín. Dita transmisión implica a transmisión do vehículo asociado actualmente á licenza n.º 8.

2. Dar traslado da presente proposta á Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia aos efectos da emisión de informe preceptivo e vinculante, dacordo co disposto no artigo 3 do Decreto 103/2018 que regula o procedemento coordinado ao que se axustará a autorización da transmisión. ”

Recibido neste Concello informe favorable, emitido en data 22 de setembro de 2021 polo Xefe do Servizo de Mobilidade, respecto ao outorgamento da transmisión de autorización VT-N a favor de Antonio Castro Padín, que consta no expediente da súa razón.

Requerida documentación acreditativa dos requisitos aos que se axustarán as transmisión VT-N inter vivos de conformidade co procedemento regulado na Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, así coma no Decreto que a desenvolve o 103/2018, de 13 de setembro, concretamente no artigo 11, e examinada a mesma se comproba que está CONFORME.

Así, á vista do que antecede, **esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local**, que en virtude das atribucións delegadas por decreto de Alcaldía n.º 229/2019, adopte o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Autoriza-la transmisión de licenza municipal de autotaxi n.º 8, e autorización VT-N, de Dona Lorena Hermida López en favor de Don Antonio Castro Padín. A transmisión do título habilitante implicará tamén a transmisión do vehículo asociado á mesma.

SEGUNDO.- Comunicar o presente acordo á Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia a través da aplicación R-taxi e levar a cabo os demais trámites necesarios para levar a cumprimento o acordado.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos interesados.

Non en tanto a Xunta de Goberno Local adoptara o acordo que estime máis convinte.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica á marxe.

ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO SR. ALCALDE ALBERTO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ.”

A Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e por unanimidade aprobou a autorización da transmisión de licenza municipal de autotaxi nº 8 e autorización VT-N.

PARTE ACTIVIDADE

10.- ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo rogos e preguntas

Sen ningún outro asunto a tratar, sendo as dez horas e vinte minutos a sesión remata e queda levantada polo Alcalde- Presidente; da que, coma Secretaria, estendo a presente acta e DOU FE.

/Documento asinado dixitalmente á marxe pola secretaria municipal e polo alcalde/